

XVI Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística Traballando en Lingua no Lecer

Presentación

A XVI edición do curso de verán centrarase en fomentar o uso da lingua a través do lecer e nas ferramentas para a transmitirmos desde diversos ámbitos e para a utilizarmos na mellora do seu proceso de normalización, traballando os argumentos, as accións, a creatividade, a implicación, os métodos etc.

As sesións constan de relatorios, comunicacións, mesas redondas e obradoiros prácticos para avaliarmos experiencias e propormos medidas e accións de intervención en actividades a implicaren distintos actores e persoas de variadas faixas etarias. As intervencións teñen como nexo promoveren o uso da lingua coa práctica de actividades de lecer, alén de sesións destinadas a repararen no éxito de produtos e empresas que só utilizan a lingua propia nos seus proxectos de activismo.

Obxectivos

- Analizar e deseñar estratexias e accións para poren en valor e incrementaren o uso e a visibilización do galego en actividades de lecer.
- Detectar e estudar problemas e preconceitos existentes arredor do uso da lingua galega nos ámbitos relacionados co deporte, os pasatempos, os xogos nas novas tecnoloxías etc.
- Valorizar o galego e a cultura propia como recurso de interese para actividades de tempo libre.
- Formular unha proposta de boas prácticas lingüísticas no ámbito do lecer.
- Coñecer e valorizar experiencias positivas de uso do galego no ámbito do xogo, a música etc.

Lugar

Fórum Carballo. Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n. Barrio da Milagrosa. 15100 Carballo

Datas

Cuarta feira 12 e quinta feira 13 de xullo de 2023

Persoas destinatarias

Persoas que traballan ou que están interesadas no proceso de normalización da lingua galega, especialmente técnicos/as de normalización lingüística, docentes, dinamizadoras/es socioculturais, estudantes, membros de asociacións, de empresas de dinamización social, lingüística ou cultural, técnicas/os de cultura, animadoras/es, intérpretes, tradutoras/es etc.

Custo de participación

O custo da matrícula inclúe a participación en todas as actividades do curso, o material que se utilizar, os cafés conxuntos e o xantar dos dous días.

Para estudantes de calquera universidade, comunidade universitaria da UDC e persoas desempregadas: 30 €

Para o resto de persoas: 50 €

Matrícula e participación

O número de participantes está limitado a 65 persoas, por orde de inscrición. A matrícula débese facer en liña ([preme aquí](#)).

O prazo remata o día 6 de xullo.

Organiza

Universidade da Coruña

- Servizo de Normalización Lingüística
- Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte

Dirección e Secretaría

- Xosé Manuel Sánchez Rei, profesor da Facultade de Filoloxía
- Marisol Ríos Noya, coordinadora do Servizo de Normalización Lingüística

Colaboran

- Concello de Carballo
- Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROGRAMA

Cuarta feira, 12 de xullo	
09.00-09.30	Recepción e entrega de documentación
09.30-10.00	INAUGURACIÓN E BENVIDA <ul style="list-style-type: none"> – Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística – Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña (UDC) – Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde de Carballo – Marisol Ríos Noya (SNL da UDC)
10.00-11.00	RELATORIO O xogo popular e a construción da solidariedade. Aprendendo a amar a lingua, a vida, a natureza Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego <ul style="list-style-type: none"> – Antón Cortizas, escritor e profesor – Paco Veiga, membro da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional PRESENTA: Carlos Aymerich Cano, secretario xeral da UDC
11.00-11.30	Café conxunto
11.30-12.30	RELATORIO O lecer en galego desde o asociacionismo veciñal <ul style="list-style-type: none"> – María Gutiérrez Calvete, presidenta da Asociación veciñal Agra do Orzán PRESENTA: Isabel Risco
12.30-13.30	RELATORIO Socialización de adolescentes galegofalantes: destapando a glotofobia <ul style="list-style-type: none"> – Miguel Rodríguez Carnota, profesor xubilado e investigador PRESENTA: Renée de Palma Úngaro, profesora da UDC
14.00	Xantar conxunto no Refuxio de Verdes (traslado en autocar)
15.30-17.00	Camiñada Espías no Noso Bosque.O Son do Anllóns <ul style="list-style-type: none"> – Asociación Ambiental Senda Nova PRESENTA: Mónica Fernández Valencia, técnica en normalización lingüística. Concello de Ourense
17.30-19.00	MESA REDONDA Actividades de lecer desde o movemento asociativo MODERADOR: Xosé Manuel Sánchez Rei, profesor da UDC e membro da asociación AV Agra do Orzán <ul style="list-style-type: none"> – Farruco Fraga, Asociación Cultural Lumieira (Carballo) – María Xosé Bravo Sanjosé, Asociación Cultural Alexandre Bóveda (A Coruña) – María Antonia Pérez Rodríguez, Agrupación Cultural O Galo (Santiago de Compostela)
19.00-20.30	Obradoiro de gamificación e práctica de metodoloxías activas para o achegamento da lingua á mocidade <ul style="list-style-type: none"> – Miren Alonso Álvarez. Aventureira, Cooperativa de Educación e Lecer PRESENTA: Inma Seage Freire, técnica en normalización lingüística. Concello de Rois

Quinta feira, 13 de xullo	
09.00-09.45	RELATORIO O pensatermos – Marcos Maceira, a Mesa pola Normalización Lingüística PRESENTA: Xosé Manuel Sánchez Rei, profesor da UDC
09.45-11.00	MESA REDONDA: O DEPORTE EN GALEGO MODERADORA: Manuela Vázquez Coto, investigadora do patrimonio lúdico galego – Lucía Noia Casas, educadora físico deportiva encargada da coordinación das Escolas Deportivas Municipais de Arteixo e do Programa de actividade física para mulleres con cancro nos concellos de Oleiros e Arteixo – Vanessa Rial, profesora de EF no IES Blanco Amor (Culleredo), olímpica coa selección española de Rugby en Río 2016 – Xoana Roig Regueira, directora técnica en BeOne Lugo e tesoureira do Colexio Oficial de Licenciados e Licenciadas en Educación Física e do Deporte
11.00-11.30	Café conxunto
11.30-12.30	Obradoiro de dinamización lingüística no lecer infantil – Nerea Couselo Fernández. Xandobela PRESENTA: Milagros Lantes Seara
12.30-13.30	RELATORIO Ferramentas/xogos de novas xeracións – Luz Castro Pena, presidenta da Asociación Galega de Videoxogos e Contidos Interactivos PRESENTA: Dores Sánchez Alegre, técnica en normalización lingüística. Deputación da Coruña
14.00	Xantar conxunto nas Saiñas de Baldaio (traslado en autocar)
15.30-17.00	Camiñada Espías no Noso Bosque. Baldaio máis cerca – Asociación Ambiental Senda Nova PRESENTA: Carne Pereiro Felípez, técnica en normalización lingüística. Concello de Carballo
17.30-18.30	RELATORIO Pasatempos en galego – Xoán Xosé Costa Casas (Nós Diario) PRESENTA: Xosé Ramón Freixeiro Mato, catedrático emérito da UDC
18.30-18.45	Entrega de diplomas
18.45-20.30	OBRADOIRO Xogos, baile e agarrados con soltura (obradoiro para o ensino dos distintos xogos-baile que hai en Galicia) – Pablo Díaz e Olga Kirk PRESENTA: Leticia Eirín García, profesora da UDC

+Info:

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

881 011 042, 881 011 055, 881 013 683 snl@udc.gal